

Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Carballo, Lugo, 1940). En Erbedeiro pasou os primeiros anos da súa nenez, quedando na súa mente gravadas as inxerencias da xente que posteriormente serían tema dos seus libros. Estudou Maxisterio o que fixo que percorrera aldeas de Galicia e Asturias como mestre. Isto motivou que captase ambientes e costumes do máis variado, que enriqueceron as súas experiencias sobre a xente, que comezaran no seu berce.

<http://galegos.galiciadigital.com/gl/xose-lois-ripalda-gonzalez>

Manuel Mandianes (Loureses, Os Blancos, Ourense, 1942). Despois de estudar no seminario, marchou como misionero a Colombia, onde foi acusado de guerrilleiro e, como consecuencia, expatriado. É doutor en Etnografía e Antropoloxía, Ciencias Sociais e Socioloxía e en Teoloxía. Científico titular do CSIC, realizou traballos de investigación sobre temas antropolóxicos de Galicia...

https://gl.wikipedia.org/wiki/Manuel_Mandianes

Xosé Miranda (Lugo, 1955). Naceu moi preto da muralla, nun chalé que xa non existe. Medrou nun barrio a medias obreiro, con moitos espazos aínda sen edificar, e grandes prados, hortas e chousas. Xogou moito ao aire libre cos seus amigos e leu algúns libros e *tebeos*. Licenciouse en Bioloxía. É especialista en literatura de tradición oral. Xunto a Antonio Reigosa e Xoán R. Cuba publicou moitos libros de contos populares galegos, dirixidos a un público infantil, reunidos na colección 'Cabalo buligán'...

https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosMiran

Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, Lugo, 1958). "Nacín en Zoñán e alí, sendo neno, tratei cos mouros do castro veciño, aprendín a coñecer os encantos que sementan a néboa desde o curuto da Pena da Roca e, aínda que nunca o conseguín, intentei moitas veces botar a rolos polo mundo abaixo unha grande rocha chamada Pena Morcán que se mantén en sorprendente equilibrio. Destas e doutras experiencias da miña infancia venme, creo eu, a miña querenza pola fantasía popular".

<https://cadernodeantonioreigosa.eu/autor/>

An Alfaya (Vigo, 1964). Realizou estudos de Maxisterio e Criminoloxía. Ligada ao teatro, participou na fundación do Teatro Avento de Vigo. Ten unha obra literaria extensa dirixida tanto aos lectores e ás lectoras infanto-xuvenís como ás persoas adultas.

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/an-alfaya>

Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, Pontevedra, 1916; O Grove, 1990). Foi un escritor e xornalista galego. Formou parte da chamada Xeración do 36. Con doce anos comezou a traballar nunha forxa, e aos 18 comezou a colaborar co periódico pontevedrés *El País*...

https://gl.wikipedia.org/wiki/Manuel_Lueiro_Rey

Lalín, o concello das mil vacas. Sumario

Da realización das entrevistas:

Aarón Roibás Vázquez, Adrián Lamazares Taboada, Adrián Vázquez Souto, Alan Fernández Jacquemain, Alba Nogueira Marugán, Alejandro Iglesias Subtírel, Álvaro Calviño Varela, Ana Taboada Failde, Ángela Pereira Blanco, Angie Caramés Pousada, Antía Dopazo Silva, Anxo González González, Ariana González Silva, Astrid Calvo González, Beltrán Rivas Mosquera, Breixo Fondevila González, Carla Pérez Taboada, Daniela Pérez Diéguez, Daniel González Sánchez, David Barcala Taboada, Diana Moreira Torres, Eduard Iglesias Pérez, Esteban Silva Ferreiroa, Gabriel Asorey Chorén, Giovanna Álvarez Mogollón, Hugo Fernández Fernández, Irene Álvarez Conde, Irene Ríos Trabazo, Iria Donsión Asorey, Izan Otero Silva, Izan Sánchez Blanco, Javier Souza Vila, José Ramón Santiso Barreira, Laura Fernández Galego, Leticia Silva Fernández, Leire Pérez Silva, María Lalín Iglesias, Mariña Fernández Areán, Mateo Fernández Cambeiro, Naiara Dobarro Lombana, Naiara Sánchez Soto, Nerea Quintela Tarrío, Roberto Gómez Da Silva, Sálvora Vilariño López, Samuel Gabriel Silva Quintero, Santiago Silva Ferreiroa, Sara Lisseth Pico Gelves, Sergio Santaló Varela, Uxia González Pereiras, Uxia Simón Porral, Victoria Núñez Moreira, Xabier Salgueiro López (alumnado de 2º da ESO da materia de Libre disposición).

Da recollida de *Memorias dunhas nenas labregas*:

Sabela Nercellas Gómez, Laura Fernández Galego, Mariña Fernández Areán, Noa González Enríquez, Astrid Calvo González, Antía Dopazo Silva, Ana Taboada Failde, Alicia Quintela Vilariño, Leire Pérez Silva, Ainhoa Rodríguez Saco, Alba Piñeiro García, Carla Fernández Martínez, Daniela Pérez Martínez, Victoria Núñez Moreira, Xabier Salgueiro López, Izan Otero Silva, Iria Donsión Asorey, Leire López Silvia, Laura Fernández Galego, Uxia Simón Porral, Nazaret Gil Rozados, Ariana Gómez Silva, Sálvora Vilariño López (Club de lectura ABCD do 1º ciclo da ESO).

Das suxestións de lectura:

Pablo Pérez Gil, David Fuentes Diéguez, David Vila López, Samuel García Fernández, Mateo Romero Gutiérrez (Club de lectura Tarabelos I, 3º da ESO)

Da coordinación do Proxecto:

Carmen Frade (ideóloga), Sylvia Cea, Iria Ares e Uxia Nogueira.

As entrevistas : análise e conclusións

- Sobre infancia e traballo na aldea

En liñas xerais as persoas entrevistadas coinciden no feito de teren unha infancia feliz pero chea de traballos, mesmo moitas delas cualifican dita etapa de moi dura e difícil. As crianzas vivían entre vacas felices, con frecuencia varias xeracións nunha mesma casa, ás veces *“sen luz eléctrica, sen baño e durmindo en colchóns de folla de millo”*.

Canto ao inicio do traballo no campo, este producíase a idades moi temperás, entre a infancia e a adolescencia, ao teren que axudar tanto nas tarefas domésticas como no campo, por necesidade. A respecto do gando, prima o vacún (de leite e carne) e o porcino, complementado con ovellas, coellos e coa clásica posesión avícola. Por parte, as referencias clásicas á agricultura de subsistencia e á gandaría conforman un panorama de explotacións tradicionalmente familiares de autoconsumo e venda do excedente.

Referente á dureza do traballo, as respostas fican vinculadas a un antes de traballo manual e un despois mecanizado. No primeiro caso, as persoas informantes lembran realizar as tarefas do campo con apeiros tradicionais con xornadas laborais moi longas. O traballo tenden a cualificalo de constante *“sacrificio”* ao no dispor de días libres durante os 365 días do ano.

- Sobre as mulleres rurais

As conclusións que se tiran a respecto da situación da muller rural por parte deles amosan unha certa tendencia a responder en base ao politicamente correcto: *“A muller tiña que facer de todo: ser nai, muller labrega, ama de casa, coidar os vellos”*; *“miraba pola economía”*. Secasí, que hai respostas fieis á tendencia patriarcal e machista da sociedade: *“Pois o traballo da muller debe ser, ao meu entender, como se facía antes; coidar a casa, facer a comida e, se hai persoas que non gocen de saúde, coidalas. Despois axudar no que poida ao seu marido e mais aos seus fillos”*.

Canto a elas, as respostas reflicten certa tendencia a rebelarse contra o seu rol de mulleres no marco dunha sociedade que as discriminaba ou que aínda as discrimina: *“Traballaba no campo e dentro da casa, criaba os fillos, coidaba das persoas maiores. O seu día non tiña fin”*. *“Os homes na casa non facían nada”*. *“A nosa opinión contaba moi pouco, eran os homes os que mandaban”*.

Por parte, hai certa fisionomía nas respostas tanto por parte deles como delas que no fondo tentan xustificar o reparto de roles no ámbito rural, concordando en que o traballo non era igual: *“As mulleres non aprendían a facer os traballos brutos”*, *“aos homes non lles ensinaban a facer os labores da casa”*, *“mentres meu pai nos levaba a traballar, miña nai ensináballe a coser a miña irmá”*; *“os homes só traballaban no campo e as mulleres na casa e no campo”*; *“os homes chegaban e sentaban á mesa e a muller xalles tiña a comida preparada para servirllela”*.

Por parte, a discriminación á hora de adquirir unha formación presidía a vida das mulleres: *“Poucas mulleres ían á escola, había que axudar*

na casa”; *“as nenas desde pequenas educábanse para estar na casa”*; *“a formación académica centrábase nos homes”*.

As conclusións extraídas das respostas sobre o papel da muller rural poñen o acento en conceptos como esforzo, paciencia, dedicación, traballo e *“moito moito sacrificio”*. Hai coincidencia no feito de se erguer máis cedo para cociñar e logo axudar no campo: *“Nos meus tempos de neno as mulleres non paraban de traballar en todo o día. No caso de miña nai, desde as seis da mañá que se erguía, ata que se facía de noite sempre estaba facendo labores, se non era na casa, era no campo”*. Por parte, hai referencias ao feito de que mulleres e homes traballaban por igual, *“pero os que cobraban os cartos eran os homes que ademais estaban asegurados”*.

En xeral, asumíase a discriminación da muller rural como normalidade social. Eles valoran o papel da muller querendo branquear o proceso discriminatorio que sufrían: *“un pouco si, pero eran outros tempos, era así como viviamos”*. Por parte, elas amosan certa tendencia á comprensión discriminatoria polo mero feito de seren mulleres: *“eu non lle chamaría discriminación, era o que había”*. Emporiso, entre elas hai unha notoria coincidencia á hora de xustificar negativamente tal discriminación: *“Por suposto que sempre sufriu discriminación no campo, era o home o que mandaba; ela obedecía, traballaba no campo as mesmas horas ca o home e chegaba á casa e tiña outra xornada de traballo e sen soldo nin ningún tipo de recoñecemento e, nalgúns casos, a maioría das veces maltratada polos homes da casa”*. *“Eu penso que as mulleres sempre fomos unha especie de mulas de carga ocupándonos das tarefas dentro e fóra do fogar; facendo o dobre ou o triplo de traballo ca os homes e sen ningún recoñecemento”*. Ao cabo, elas concordan en que segue a haber diferenzas entre homes e mulleres, malia certos avances no proceso da igualdade: *“Segue habendo diferenzas pero minoritarias”*; *“agora tómasse máis en conta a opinión da muller”*.

- Sobre a transformación do rural

Hai coincidencia en sinalar a mecanización do campo como o factor determinante que modificou o traballo, o que supuxo a perda dunha forma de vida colectivizada baseada na solidariedade: *“Antes a xente era máis colaborativa e sociable, agora non, cada un anda ao seu”*. Tamén hai alusións á perda de produtividade ecolóxica: *“Agora contaminamos máis”, “antes os produtos eran máis naturais”*. Canto á posibilidade de cambiar de profesión, a maioría responde cun non rotundo: *“Non, porque me gustou desde pequeno”*. *“Non, para estudar non valería e meus pais eran pobres”*. *“Non, senón xa tería marchado da casa”*.

Por último, sobre convencer a xente nova das vantaxes do traballo no campo, as respostas en xeral abundan na vida bucólica, como contrapeso ao duro traballo agrícola e gandeiro, e con referencias á vida sa alicerzada na ecolóxica culinaria e na tranquilidade de vivir rodeado de natureza.

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

A marela tarabela

Nº 33

Maio-2024

Boletín da Biblioteca Mario Pereira do Instituto “Ramón María Aller Ulloa”

Lalín, o concello das mil vacas. Proxecto

O Proxecto competencial *Lalín, o concello das mil vacas* parte da necesidade de reivindicar o papel social, cultural e económico que o campo xogou e xoga na dinamización da economía e das tradicións. Todo un reto para pór en valor o noso pasado etnográfico entroncado co devir presente da actividade gandeira e xaora agraria.

O proxecto, após a realización dun traballo introdutorio á actividade gandeira na nosa zona, foi estruturado en tres apartados básicos: **entrevistas, memorias dunhas nenas labregas e antoloxía literaria de temática gandeira e agraria, suxestións de lectura**. Canto á metodoloxía procesual do primeiro dos apartados, **entrevistas**, estas foron confeccionadas a partir dun criterio semiestruturado e formal alicerzado nun guión de preguntas abertas co obxectivo de recopilar información sobre a vida agraria e gandeira das persoas entrevistadas, dito guión dividiuse en tres apartados: **infancia e traballo na aldea, mulleres rurais e transformación do rural**.

Daquela, para a selección das persoas entrevistadas, o alumnado de 2º da ESO (da materia de Libre disposición) debería, a partir da concreción tipolóxica textual da entrevista, procurar información no ámbito da contorna familiar ou veciñal, de preferir mulleres, que se tivesen dedicado á actividade agrícola ou gandeira, coa finalidade de analizar a evolución do sector e, concretamente, o papel da muller en dita actividade. Da antedita selección, tírase que a media de idade das persoas entrevistadas se sitúa nos 66 anos, elas, e nos 59, eles. Por último, canto ao lugar de residencia, a maioría das persoas entrevistadas pertencen ao concello de Lalín, no entanto a mostra recolle xente dos demais concellos de Deza e mesmo algunhas de fóra.

Esta guía

Esta guía nace da necesidade de lle pór ramo ao Proxecto *Lalín, o concello das mil vacas*, por tanto non pretende ser unha guía exhaustiva, senón unha mostra do traballo desenvolvido polo alumnado que participou no mesmo.

A respecto do segundo dos apartados, **memorias dunhas nenas labregas**, o proceso de elaboración partiu da lectura e posterior análise de **Memorias dun neno labrego** de Xosé Neira Vilas por parte do alumnado integrado no club de lectura **ABCD** (do 1º ciclo da ESO). Tras as correspondentes reflexións en grupo sobre o modo e condicións de vida dos rapaces da época de Balbino, trasládase o debate á época das avoas e nais das lectoras a fin de que as mesmas relaten algunha anécdota ou momento que lembren con especial intensidade da súa infancia de nenas labregas, no marco da tipoloxía textual narrativa.

Por último, en referencia ao terceiro dos apartados, **antoloxía literaria de temática gandeira e agraria, análise e suxestións de lectura**, os rapaces do club de lectura Tarabelos I (de 3º da ESO) realizaron unha escolla de títulos de obras literarias apropiadas para diferentes idades, relacionadas coa gandaría, complementada dita lectura coa asistencia a un **obradoiro** de elaboración de guías literarias, para con posterioridade proceder á elaboración, no marco do Proxecto, da correspondente Guía de lectura con suxestións sobre as obras seleccionadas.



Lalín, o concello das mil vacas



Con ela só queremos facer unha serie de suxestións (prescindíbeis) para que se converta nun pretexto para nos achegar ao coñecemento da memoria etnográfica gandeira e agraria e ao seu reflexo na literatura galega.



Temática gandeira e agraria na literatura galega (antoloxía): suxestións de lectura

O cabalo ceibe (Xosé Lois Ripalda)

O sol amósase paseniño nun novo mender e alumea as abas das montañas descubriendo o verdor curuscante das árbores.

Desta forma comeza *O cabalo ceibe*, a través dun narrador externo que conta unha historia enmarcada posiblemente nun bosque ou nun espazo na natureza. Aspecto este corroborado coa seguinte escena:

Con este alborexar tamén no cumio da montaña esperta á vida un poldro baixo a atenta ollada e agarimo dos seus pais. Nestas liñas, o narrador introdúcenos os primeiros personaxes: un poldro recentemente nacido e os seus pais.

E logo comezan as preguntas cheas de curiosidade:

-Como se formou a terra que pisamos? pregunta o poldro ó seu pai.

Aquí, demostrase o interese e as inquietudes que lle xorden ao pequeno cabalo sobre a terra que está a pisar. Por parte, as continuas ocorrencias do fillo fan que o cabalo perda os nervios e conteste a tan intenso interrogatorio cun elevado torgo de voz:

-Que é o trono? Que é o vento? Que é isto? Que é istoutro? Di o pai do poldro alporizado.

Xa coa historia avanzada e co poldro que xa medrara e aprendera a camiñar, un dos maiores pesadelos para os cabalos estaba por vir, os gandeiros violentos e anoxados continuaban coa famosa tradición galega de atacar os animais co único fin de convertelos na súa propiedade e ende mal *os grupos de gandeiros, desde as primeiras horas, estaban xa no monte co gallo de empurrar a manda cara ás abas e así encurrelar os cabalos nas cercas.* Entón, *os poldros derrubábanos un a un a xente con moito vezo, guindábanos polo chan como monifates.*

Co paso do día, tras a rapa das crinas, da súa xebra e posteriormente da marcaxe, a maioría dos poldros caeran derrotados. Ende ben, ao cabo, *os gandeiros tentaron máis dunha vez, a medida que ían quedando poucos por marcar, botarlle as mans sen conseguilo, pero vironse na obriga de facelo cando xa era o único que quedaba.*

O cabalo referido non é outro que o protagonista da historia, o pequeno poldro. As súas dotes permitíronlle escapar de cada vez máis gandeiros, tal que finalmente a persecución provocará o aburrimento dos seareiros que van decidir abandonar a zona.

En conclusión, *O cabalo ceibe* é unha historia de loita e superación sobre a liberdade, exemplificada no feito de ser o único en poder peitearlles as crinas.

Pablo Pérez Gil (3º ESO)

O burro (Manuel Mandianes)

Animal coñecido, doméstico e familiar do home, de moito proveito e pouco gasto, de gran servizo e silencioso, bardante cando ornea, intre dabondo insufrible. Así comeza unha parte do libro titulada “O burro é un animal rural”, que define á perfección o que supón a posesión dun burro para calquera persoa. A respecto disto, o autor enumera as múltiples funcións que pode realizar o burro e describe en poucas palabras a nobreza do seu carácter:

Non dá couces nin é malicioso, aínda que se solte non escapa, acomódase a todos os ministerios, con el carretamos o pan, o viño e os demais alimentos, trae a roda da nora, a auga do río, moe na tafona, leva o trigo ó muiño..., limpa a casa do lixo e dá esterco para o campo, carreta materiais para os edificios, ás

vezes ara e a un tempo malla, e recolle a semente.

A seguir, Manuel Mandianes, autor e antropólogo, explícanos o porqué de que o asno fose o primeiro animal que o home utilizou para os seus propósitos: *O primeiro animal de que se serviu o home foi o asno, porque non tivo a dificultade en domalo que tivo co cabalo, nin de pórlle freo para detelo, nin de arrimarlle a espora para que camiñase...*

Por parte, *en canto ás cabalerías (cabalo, egua, burro ou mula), a súa posesión dependía do estatus económico do propietario... Quen podía, presumía de cabalgadura.* Treito este no que se nos amosa a importancia que tiña a cabalaría no ámbito social e de que a súa posesión dependía da economía do seu dono.

Alén do antedito, Mandianes reflexiona sobre o feito de *o can adaptarse á vida urbanita*, ao se converter en *animal de compañía*. Por parte, *o burro só entrou nas cidades cos trapeiros, no circo, cos vendedores de auga fresca no verán e da man dos leiteiros.* Desta maneira, como conclusión, comparáse a adaptación óptima do can á vida nas cidades coa mala adaptación a esta do burro, que aínda que entrou nas cidades, nunca foi para ficar nelas. De feito, nesta altura o burro vai desaparecendo en paralelo ás innovacións tecnolóxicas, mais no fondo aínda segue a estar presente na memoria de moitas persoas. Sen dúbida, que han ser as sociedades modernas as primeiras en recuperar a figura deste animal e mantelo vivo máis aló dos tempos como símbolo de pertenza.

David Fuentes Diéguez (3º ESO)

Cando os animais falaban

(Xosé Miranda e Antonio Reigosa)

“Cando os animais falaban” é un tempo místico en que se sitúan gran número de contos populares e sucesos fantásticos e maravillosos, sobre todo os protagonizados por animais.

Desta forma comeza *Cando os animais falaban*. Os autores intenta amosar o contido do libro nun breve resumo coa finalidade de que nos mergullemos na súa lectura. Daquela, botando man do clasicismo narrativo fálannos de que *houbo unha vez un corvo moi presumido, tanto que lle roubou as plumas a un pavo real e arrincou as súas para poñer as do pavo no seu sitio. Quixo vivir entre os pavos reais.*

O treito anterior, que serve de introdución ao primeiro conto “*Porque os corvos non son fachendosos?*”, relátanos a historia dun corvo que quería vivir entre os pavos reais por iso puxo unhas plumas de pavo, mais ao cabo *tivo que vivir só, e co tempo arrepenchiuse de desfacerse das súas plumas pola “engolemia” de parecerse ó pavo real. Nunca máis houbo un pavo fachendoso.* Sentenza esta que explica o desenlace que tivo o corvo, sendo rexeitado por eles. Desta maneira inxenua, plástica e fermosa conclúe o conto facendo fincapé no feito polo que os corvos non son fachendosos.

“Porque a curuxa é branca?” Porque, aproveitando que os outros paxaros durmían, rouboulle unha pluma a cada un para facer o niño. Pero os outros descubrirona e condenárona

a andar soa de noite. Por iso, como nunca lle dá o sol, é branca. Neste novo relato, os autores amósannos a historia da curuxa, falando sobre o feito de que as curuxas andan pola noite coa súa cor branca o que as rodea de misterio.

“Cando casan os paxariños?” A min sempre me dixeron que os paxariños casan o dezanove de marzo, cando ventan a primavera, comezando o traballo para facer o niño. Tamén hai quen “opina” que celebran a voda o día da Candeloria, o 2 de febreiro. Neste conto, os escritores fan fincapé no día no que casan os paxariños, iso si, recreándonos as diversas manifestacións do feito e tirando como conclusión que non sempre casan o mesmo día. Por parte, o conto non se alicerza nun feito natural senón que nel os autores botan man da imaxinación dun mundo no que os animais poden casar.

“Por que non se poden comer os ovos de carriza?” Porque, sendo un paxaro tan cativoiro, quen come os seus ovos deixa de medrar. Neste conto, os autores parten dun símil para explicar o tamaño dun animal ligado aos supostos efectos de comer os ovos de carrizo; sentenciando os autores sobre porque non debemos comelos, xa que conteñen numerosas toxinas prexudiciais para a saúde.

“Por que os cans se cheiran o cu?” Porque nunha ocasión os cans fixeron unha festa. Puxeron unha orquestra e ás setes comezou o baile. Pero tropezaban continuamente. No conto fálase acerca da foliada que fixeron unha vez os cans e o problema que tiveron. Problema que tentaron solucionar dun xeito moi chanceiro, pois *decidiron poñer uns colgadores e deixar ali os rabos* para bailar sen ningún problema, mais, de súpeto:

-Veñen os homes! Traen paus, forquitas, pas e vasoiras, fources e gadañas! Din que a nosa romaría molesta e non os deixan durmir. Que cada un colla o seu rabo e fuxa como poida.

Ende mal, ante a presenza dos homes, víronse na obriga de fuxir como puideron, collendo cadanseu rabo. Daquela, *os cans fuxiron como lóstregos, e coas presas, cada un colleu o primeiro rabo que atopou. Por iso, aínda hoxe se cheiran o rabo para ver se é o seu que perderon na romaría. Fica claro no desenlace a desventura que lles ocorreu aos cans o que explica que aínda a día de hoxe os cans se cheiran o cu.*

En resumo, *Cando os animais falaban* vén sendo un libro moi necesario para coñecermos e rirmos co imaxinario popular campestre.

David Vila López (3º ESO)

Vacas na cidade (An Alfaya)

Catarina le no xornal que na cidade hai unha exposición de vacas. Así dá comezo *Vacas na cidade?*, un conto que xira arredor dunha exposición de vacas artísticas na cidade. Para deseguido mergullarnos nunha contorna rural:

Ao seu sobriño encántanlle as vacas pasa o tempo correndo polo prado imitando o seu bruido.

O espazo rural sérvella ao autor para nos presentar un dos protagonistas do libro, Paulo:

-Queres vir comigo á cidade esta tarde -convídao por teléfono. Paulo contéstalle que si, porque Catarina é moi divertida e sempre o leva a sitios curiosos. A invitación de Catarina a Paulo ten como obxectivo achegarse á cidade para gozar dunha

exposición de vacas na alameda, para iso ambos *cruzan unha rúa, descenden por outra empinada e dan de cheo coa alameda. Agora ole a mar. Están preto do peirao.* A escena semella bucólica e xa na exposición, *Paulo inspecciona a vaca artística moi atento. Despois, engurra o nariz e di:*

-E as vacas artísticas dan leite?

Abofé que na pregunta á tía fica clara a comparación que Paulo establece entre as vacas artísticas e as reais, o que o leva a amosar certa decepción ante as vacas artísticas: *-Estas vacas de plástico parecen anuncios. Non fan muuuuuuu como as que pastan no noso prado, nin dan leite, nin podo falar con elas... e por moito que as fite, non me fan soñar!*

O comentario do sobriño leva a tía Catarina a lle responder da seguinte maneira:

-Son máxicas só para quen cre que son máxicas para os que pensan que son vacas de plástico esborranchadas sen mais, para eses non... hai que pillarlles o punto. Paulo sorprendese con aquela resposta. No entanto, Paulo non concorda coa resposta da tía, *mais cando está a piques de desistir do seu empeño, de súpeto unha vaca chiscalle un ollo*, daquela é cando Paulo descobre que as vacas artísticas son máxicas, nestas *o soño de Paulo interrómpese coa chegada da tía Catarina, que vén cos xerrados no mans.*

-Marchamos? -pregúntalle.

-Non - di Paulo alborozado, dando unha lambetada ao seu xeadro. -Estas vacas son máxicas. Tiñas razón, tía. Fannos soñar. Damos outra volta e vémolos de novo?

Ao cabo, Paulo fica enleado na maxia da exposición, o que pon remate ao conto *Vacas na cidade?*, deixándonos o seu autor un pouso de homenaxe á vaca como patrimonio de noso.

Samuel García Fernández (3º ESO)

O sol na crista do galo (Manuel Lueiro Rey)

Ela xa dera proba desa vontade, cando, tendo só sete anos, un carro, mesto de xesta, pasoulle por riba dunha perna e deixoulle o nortello esquerdo coma unha cebola torada en anacos miúdos. Botáronlle a man, e ela berrando jai mi madre, que morro!, jai mi madriña!, e na casa do menciñeiro, dicíndolle este, ti como raio fixeches, metiches o pé debaixo da roda pra xogar. Neste fragmento, o autor intenta comparar o ámbito da menciña rural do pasado coa actual medicina (nomeando o menciñeiro); así mesmo, tamén intenta transmitir que os traballos agrícolas de antano eran bastante duros. Por parte, *cando xa tiña dezaseis anos, comezou a traballar nunha fábrica de conservas de peixe.*


Primeiro estivo de empacadora, mais sacárona de alí porque un día o encargado viuille comer unha sardiña, así queñiña como viña do torrador, e ela case esgana ao ter que “engoleala” enteira. A anécdota sérvella ao autor para nos dar a coñecer que moitos labregos fuxían do campo cara aos núcleos urbanos porque a vida rural era moi dura, pero unha vez na urbe tampouco era que mellorasen moito as condicións económicas. A respecto do ámbito económico, o autor transmítenos a pobreza extrema que experimentaba moita xente no campo: *E era verdade. Os pés do señor Figueiro tiñan creto de ser máis duros que croios. Cando alguén loitaba con cousa que non era capaz de meterlle o dente, nin con eixada, nin con machado, nin con “bandarria”, sempre dicía o mesmo: “Isto está máis duro cós pés do señor Figueiro”.* Abofé que esta nova anécdota é un claro exemplo dunha persoa que nunca chegou a ter uns zapatos como Deus manda, de aí a dureza e resistencia dos seus pés. Ao cabo, o autor afonda na infancia aldeá a partir de vivencias persoais tinguidas de nostalgia.

Mateo Gutiérrez Romero (3º ESO)

Memorias dunhas nenas labregas : escolma

A avoa cando era nena

Eu cando era nena levantábame con noite pecha para ir coa xugada e co carro buscar herba, porque, cando o sol abría, as vacas moscaban. Despois, se non había moito traballo, ía á escola, tiñamos só un libro! Chamábase, Enciclopedia, e alí tiña de todo: matemáticas, historia... E para escribir tiñamos unha lousa, despois viñeron os cadernos e andabamos a ver quen tiña a letra máis bonita. Pola tarde, axudabamos nos labores que tocaban no tempo (sachar o millo, as patacas...); e á noite quentabámonos ao lume da lareira, pero moitas veces o fume facíanos esbagoar os ollos...



Informante: Lucita Silva Pájaro

(76 anos, avoa materna). Bermés (Lalín)

Transcrición e imaxe: Sabela Nercellas Gómez (1ºESO B)

Unha inesperada sorpresa

Recordo unha mañá na que todos os da casa espertamos cedo para sementar patacas nun predio que tiñamos no monte. Era a primeira vez que se ían plantar patacas nese lugar, Levamos un par de vacas para facer o labor, xa que as precisabamos para tirar do arado e así poder facer os regos. Xa no predio, comezamos a traballar a terra coa axuda das vacas e do arado, cando vimos que empezaba a saír auga sen parar. Non dabamos creto ao que víamos, xa que nesa zona non había ningunha fonte, pero a partir dese día e coa axuda dos veciños, aos cales lles sorprendeu moito, fíxose unha fonte que aínda a día de hoxe segue dando auga para as casas do lugar.



Informante: Clara Pumar Sieiro

(69 anos, avoa materna). Borraxeiros (Agolada).

Transcrición e imaxe: Laura Fernández Galego (2ºESO B)

O lobo

Como cada día, erguinme e prepareime para xuntarnos unha parte dos veciños da aldea, xa que íamos levar as ovellas ao monte. Era esta unha tarefa habitual no noso día a día. Cando chegamos, mentres as ovellas comían e daban pequenos paseos desprazándose dun lugar a outro, nós divertíamonos xogando. Entón, de súpeto, sen que ninguén o agardase, apareceron dous lobos, que mataron dúas ovellas e levaron consigo outras dúas; nós non tiñamos nada que facer, pero iso non foi escusa para nos libramos dunha boa berra polo sucedido, no entanto non foi máis aló dun castigo.



Informante: Mª Gloria López Taboada

(82 anos, avoa materna). Feás (Lalín).

Transcrición e imaxe: Mariña Fernández Areán (2ºESO B).

O caldo da miña avoa

Os homes da familia estaban facendo traballos nas leiras e á miña avoa, que aínda non tiña idade para facer traballos duros, pero si para os mandados, súa nai, como era mediodía, encargoulle que lle fose levar o xantar aos que andaban traballando. Levaba todo nunha cesta colocada nunha rolla enriba da cabeza. Despois dun longo camiño que cada vez se lle facía máis duro, xa chegando á leira, tivo a mala sorte de tropezar e caeu a pata do caldo; puido rescatar o resto dos alimentos, e malia o desgusto, tentou disimular diante dos demais para que non soubesen do seu contratempo, ofrecéndolles o resto dos alimentos que puido salvar (chourizos, touciño e o pan).



Informante: Isabel Rodríguez Díaz

(75 anos, avoa materna). Golpellás (Calvos de Randín)

Transcrición e imaxe: Noa González Enríquez (1ºESO C).

Outras Memorias: *Un día de mala sorte, A lámpada perdida das avoas, A mala matanza, A man perdida, A pequena abella, A persecución, Anécdota, Feira de reis, No muiño, O autobús, O centeo, O millo, Unha ferida incurable, Unha inesperada sorpresa, Unha sopa fervendo, Voar coa imaxinación, Xogo improvisado.*